

COPLAS MAIOS

**ALUMNADO DE 6º CURSO
CEIP IRMÁNS VILLAR
OURENSE 16-17**

DOMINGO 7 DE...
FESTA DE INTERESE TIPO

COPLAS DOS MAIOS 2017

CEIP PLURILINGÜE IRMÁNS VILLAR

Xa chegou o maio
fermoso e florido,
xa chegou o maio
cheo de colorido.

Aí vén o maio
repleto de flores,
cos nenos cantando
vestidos de cores.

Comezamos este maio
con risas e alegría,
nenas e nenos de sexto
desexámosvos bo día.

Os nenos do cole
facemos as coplas
para que vostedes
tomen boa nota.

Os nenos de sexto
a Madrid viaxaremos,
e as preocupacións
en Galicia deixaremos.

Vendemos as coplas
para ir de excursión
se o saben os bancos
cóbrannos comisión.



Fixemos as coplas
con moita ilusión,
escoiten atentos
a nosa canción.

Os alumnos de sexto
rematamos Primaria,
merecemos un premio
por pasar a Secundaria.

Parece que en Galicia
quérennos liar,
falando tres linguas
para nos modernizar.

Nesta excursión
pasarémolo ben,
porque un musical
poderemos ver.

A nós os estudos
sonnos moi pesados,
despois de tres clases
xa estamos cansados.

Pésannos as mochilas,
pésannos as carteiras,
e partímonos de risa
subindo as escaleiras.

Os nosos profesores
quérennos axudar,
pero cos deberes
vannos angustiar.

Este gran colexio
mola mogollón
temos profes chulos
e libros un montón.

Os políticos nas eleccións
ándannos a enganar,
pero despois resulta
que se poñen a roubar.

España está afundindo
pola mala xestión
duns políticos corruptos
e ninguén pon solución.

Os políticos de España
non queren que estudemos
para así roubárennos
sen que protestemos.

Os políticos son malos
quítannos diñeiro,
hai que pagar moito
queda o peto baleiro.

A xente na rúa
anda protestando
e os nosos políticos
séguense forrando.

Mariano Rajoy
fixo moitas promesas,
esperamos que cumpla
a maior parte delas.



O goberno de Rajoy
sen maioría absoluta
obrígao a pactos
con moita disputa.

Agora en Venezuela
gobernando Maduro,
todos os cidadáns
están pasando apuro.

Chora, Esperanza, chora!
Canta peniña nos dás!
A ver se coas túas bágoas
devolven os cartos as ras.

Maduro pelexa
pola ditadura,
escasea a comida,
só hai basura.

Cantas ras che saíron
miña pobre Esperanza!
Dos luxos ao cárcere
fixeron boa mudanza!

En Venezuela
está Maduro,
que deixa a todos
sen un duro.

A min póñenme un cero
por dicir que non sei nada,
pero á Cristina, a infanta,
devólvenlle a fianza.

Espero que remate
todo este caso,
senón a sociedade
será un fracaso.

Trump gañou as eleccións
nunca o mundo viu cousa igual,
os americanos foron votar,
o resultado non parece normal.

Como Trump gañou,
un muro vai levantar,
e aos mexicanos
quérello facer pagar.

Agora anda a dicir
que a pode liar.
Como se fose un antollo,
un mísil quere mandar.

O señor Donald Trump
non dá nin a hora,
e non deixa entrar
ás persoas de fóra.

Con Donald Trump
todo está fatal,
pero en España
estamos igual...

As obras do noso AVE
aínda están sen rematar,
entre variante e estación
un ano mais vai pasar.

A maioría dos incendios,
que son provocados,
deixan aos municipios
bastante despoboados.

O tempo está moi tolo,
non sei se vai chover.
O tempo está moi raro,
non sei que vou facer.

Á violencia de xénero
haberá que parar,
senón esta xuventude,
onde vai acabar?

Se unha mascota
ti queres ter,
a súa caca
debes recoller.

MAIAGOS

**DOMINGO
7 de MAIO**

**A PARTIR das
11:00h
RÚA PASEO**

MAIAGOS

**DOMINGO
7 de MAIO**

**A PARTIR das
11:00h
RÚA PASEO**

MAIAGOS

**DOMINGO
7 de MAIO**

**A PARTIR das
11:00h
RÚA PASEO**